



TÉCNICAS DE ESTUDO: LECTURA

Á hora de enfrontarnos a un texto debemos dar unha serie de pasos:

Pre lectura ou lectura exploratoria: que consiste en facer unha primeira lectura rápida para decatarnos de que se trata. Neste primeiro paso conseguiremos:

- Un coñecemento rápido do tema.
- Formar o esquema xeral do texto onde insertaremos os datos máis concretos obtidos na segunda lectura.
- Comezar o estudo dunha maneira suave de xeito que vaxamos entrando en materia con máis facilidade.
- Ademais pode servirche tamén para dar un vistazo aos teus apuntamentos antes de ir a clase e así:
- Conectar antes coa explicación do profesor, custándoches menos atender e entendendo mellor o tema.
- Poñerche de manifesto as túas dúbidas que aclararás na clase, e tomar os apuntamentos con máis facilidade.

Lectura comprensiva: que consiste en volver a ler o texto, pero máis devagar, parágrafo a parágrafo, reflexionando sobre o que lemos. Desta maneira entenderás mellor o tema a estudar, polo que che será moito máis doado asimilar e aprender.

Ampliar vocabulario: para ampliar o vocabulario é necesario que traballes con sinónimos e antónimos. Busca no dicionario as palabras que non coñezas